master en asesoramento xurídico empresarial

TRABALLOS DE FIN DE MESTRADO
(aprobado pola Comisión Académica o 21-09-2021)

Os prazos para o depósito e defensa do Traballo de Fin de Mestrado para o curso 2021-2022 son os seguintes:

PRAZOS ORDINARIOS

- 1ª oportunidade do 1° Cuadrimestre:
Depósito: 7-8 de febreiro de 2022. Defensa: 24-25 de febreiro de 2022.

- 1ª oportunidade do 2° Cuadrimestre:
Depósito: 20-21 de xuño de 2022. Defensa: 1-5 de xullo de 2022.

- 2ª oportunidade para o alumnado que non superou o TFM na 1ª oportunidade do 1° ou do 2° Cuadrimestre:
Depósito: 18-19 de xullo de 2022. Defensa: 28-29 de xullo de 2022.

PRAZOS EXTRAORDINARIOS

- 1ª oportunidade en xullo para o alumnado que non puido defender na 1ª oportunidade ordinaria por non cumprir cos requisitos académicos:
Depósito: 18-19 de xullo de 2022. Defensa: 28-29 de xullo de 2022.

- 2ª oportunidade para o alumnado que suspendeu o TFM na que sería a súa 1ª oportunidade en xullo:
Depósito: 4-5 de setembro de 2022. Defensa: 21-23 de setembro de 2022.

- 2ª oportunidade para o alumnado que, sendo xullo a súa 1ª oportunidade, optou por non defender o TFM:
Depósito: 4-5 de setembro de 2022. Defensa: 21-23 de setembro de 2022. Neste caso, o/a alumno/a perde unha oportunidade de exame.

Lémbrase que todo o alumnado dispón de dúas oportunidades para a defensa do Traballo Fin de Mestrado. Necesariamente han de presentarse na convocatoria de Xullo (2ª oportunidade) o alumnado que suspendese algunha materia do primeiro cuadrimestre.

A coordinadora do TFM publicará no Campus virtual a información de lugares, datas e horas de defensa dos TFM, así como a composición dos tribunais. Toda esta información tamén se publicará no taboleiro de anuncios da Facultade.

As cuestións relativas a tema, tutorización, extensión, criterios formais, entrega, composición do tribunal e criterios de defensa atópanse no documento de "Directrices para o Traballo de Fin de Mestrado" que está na web da Facultade de Dereito.

ANTONIO LEGERÉN
Coordinador Académico do Mestrado

INSTRUCIÓNS PARA O DEPÓSITO DO TRABALLO DE FIN DE MÁSTER

PREVIAMENTE A FACER O DEPÓSITO DO TRABALLO DE FIN DE MÁSTER RECORDA QUE TES QUE FACER A SOLICITUDE DE DEFENSA A TRAVÉS DA TÚA SECRETARÍA VIRTUAL.

Unha vez feita esta solicitude na Secretaría Virtual, xerarase un pdf que **tes que gardar** para despois incorporar ao formulario que debes encher para facer o depósito do TFM.

Seguidamente, para facer o depósito do Traballo de Fin de Máster, deberás cubrir o **formulario** de *Solicitude de defensa do Traballo de Fin de Grao / Fin de Máster* que se atopa na seguinte ligazón:

Os **prazos** para presentar as solicitudes son os seguintes:

- 1ª oportunidade do 1º cuadrimestre: desde o 07/02/2022 ata as 23:59 do día 08/02/2022
- 1ª oportunidade do 2º cuadrimestre: desde o 20/06/2022 ata as 23:59 do día 21/06/2022
- 2ª oportunidade: desde 18/07/2022 ata as 23:59 do día 19/07/2022
- Setembro: desde 04/09/2022 ata as 23:59 do día 05/09/2022

O formulario **só se pode presentar unha única vez**.

Unha vez presentado recibirás un correo electrónico na túa conta **@udc.es** confirmando a dita solicitude.

É **imprescindible** que nomees os arquivos que tes que subir tal como se che indica no formulario:

- PDF do resgardo da solicitude de defensa:

Resgardo-Apelidos-Nome(DNI).pdf

Exemplo: Resgardo-García López-Dolores(00000000A).pdf

- PDF do traballo informado favorablemente polo titor/a:

T-MAXE-Apelidos- Nome(DNI).pdf

Exemplo: T-MAXE-García López-Dolores(00000000A).pdf

DE NON RECIBIRSE CORRECTAMENTE AMBOS ARQUIVOS NON SE CONSIDERARÁ DEPOSITADO O TEU TRABALLO E POLO TANTO NON PODERÁS DEFENDELO.

Se tes algunha dúbida ou necesitas algunha aclaración pódeste dirixir á Administración do Centro (administracion.derecho@udc.es) ou a coordinadora do Traballo de Fin de Máster (marta.cernadas.lazare@udc.es).